

GALERÍA DE ARTE

Liliput

JUAN MUÑOZ (Madrid 1953) instalou nun dos recintos do CGAC unha mostra significativa do seu quefacer como escultor. Chamounos especialmente a atención esas dúas ananas que se contemplan en senllos espellos. Elas dúas, unha de pé, a outra sentada percorrendo a estancia rutinariamente dentro do seu canastro, e intentando pasar, sen conseguilo, o espello; fanno pensar no mito de Sísifo e cavilar sobre a absurda condición do home.

A mostra remite inevitablemente ós grandes mestres barrocos españoles, en particular ó mestre dos mestres, Velázquez, que sempre manifestou un especial cariño e comprensión para cos seres deformes e marxinais da sociedade. Tamén coma eles é un gran escenógrafo, incorporando ós seus espacios efectos en *trompe l'oeil*. Sen embargo a ambientación é ben diferente á daqueles grandes creadores, pois a atmosfera herdada tornase agora fría. A frialdade conseguida a través da cor, as xeometrías contrastadas, ese hálito hiperrealista. Estas figuras parecen remontarse á tradición “*das imagines maiorum romanitas*” como aquelas, sobrecollennos polo seu contido escatológico. Eses baleirados ós que o artista lles imprimiu un branco monocromo que simbolizaria a incorporeidade espiritual delá-tannos soildade, opresión, illamento psicológico. As miradas destas dúas figuras parecen actuar como sentinelas no seu gariño. Estas imaxes grotescas están cargadas de contido existencialista, falan do home e do seu paso pola vida; a impotencia de cambiar-lo seu decurso, da triste acepción dunha terrible realidad, a deformidade, tanto como a resistencia a esta e a impotencia, por más voltas que dea a anana no vagón da vida, sempre vai estar o espello axexante.

A lingüaxe analítica empregada por Juan Muñoz fai falar as imaxes, a materia, a estas figuras, ananas axigantadas, que apresan un suceso, delimitan cos seus espellos unha sección do acontecer e unha obsesión: a imaxe, imaxe que denuncia a verdade dun feito. O espello é o coñecedor dunha situación concreta que a amosa intermitentemente.

A riqueza do contexto é tal que o que se sitúa nel non sabe se torna-la mirada ou identificarse con el, porque isto último vainos levar á nosa propia situación concreta, á nosa existencia.

En definitiva Juan Muñoz valeuse da ambientación de signo hiperrealista, dunha arte ilusionista na que se incorporaron mecanismos técnico-científicos, teatrais, dun esceñario no que o baleiro da platea evidencia maiormente a presencia dos ananos, o poder expansivo do movemento, fóra de toda xestualidade tradicional.

As ambivalencias ontológicas son parte intrínseca do contido desta escultura.

Fátima Otero